



A 'carreira de obstáculos' das mulleres que denuncian

A falta de coordinación e de transversalidade nas axudas a mulleres en situación de violencia machista marcan a realidade das que denuncian.

Olalla Rodil
Imaxe: SG

O pasado ano na Galiza foron asasinadas 7 mulleres pola violencia machista. María José Suárez (45 anos, Cervo); Adela López (72 anos, Cervo); María Luisa Jiménez (37 anos, O Piñol); María Elena Rodríguez (71 anos, Foz); María Belén Expósito (43 anos, A Coruña); Sara Pereira (81 anos, Pazos de Borbén) e Mónica Lorenzo (38 anos, Portela-Barro). O número de agresións foi moi maior, porén, non computan nas estatísticas publicadas pola Xunta de Galiza ao non resultaren en feminicidio –asasinato por razón de xénero-- como acontece con

Sara Fernández (32 anos), cuxo compaíñeiro lle disparou na cabeza no bar que rexentaba en Chantada. Actualmente permanece hospitalizada procurando rehabilitación para as secuelas físicas, psíquicas e psicolóxicas derivadas da agresión machista acontecida o 26 de agosto de 2014.

Segundo o Observatorio de violencia de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, en total foron presentadas 5.209 denuncias e solicitadas 1.327 ordes de protección das que o 62,47% (829) foron aprobadas e 497, o 37,45%, denegadas.

RELATOS 'INSUFICIENTES'

A maior parte das medidas de protección adoptadas xudicialmente foron de carácter

penal e baseáronse en ordes de afastamento, prohibicións de comunicación e de volta ao lugar do delito. Así as cousas, a grande mayoría os procedementos xudiciais incoados por violencia machista rematan sen seren procesados situando Galiza como o segundo territorio do Estado español (por detrás de Navarra) onde maior taxa de sobreseimento (54%) se rexistra. No concreto, a principal forma de terminación dos procedementos son por sobreseimento provisional (52%) ao "non resultar xustificada a perpetração do delito", apuntan desde o CXPX. Un feito que acende as alarmas ao supor once puntos máis que a media estatal.

As razóns que argüen @s profesionais apuntan directamente ao "relato" dos feitos

que realizan as denunciantes "que non é o suficientemente preciso", chegou a sinalar o fiscal xefe da área de Compostela, Mario Piñeiro, en declaracions á axencia de noticias Europa Press.

Aliás, os baremos empregados para clasificar o grao de risco entre as denunciantes "non se axusta á realidade". Un feito que salientan as propias cifras. Neste senso, 15 das mulleres asasinadas no Estado español antes do 1 de decembro de 2014 denunciaron. Os seus casos foran considerados de "risco baixo ou nulo" pola policía.

Que acontece cando unha muller en situación de violencia machista decide denunciar? Existen protocolos de actuación e coordinación entre os distintos axentes implicados

no suministro de axuda? Como valoran @s profesionais a implementación da Lei para o tratamento integral da violencia machista?

FALTA COORDENACIÓN

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza (COPG) advertiron á Xunta através da comisión parlamentar de Igualdade, que "non se está facendo valer o carácter integral da actual normativa legal" pois "a muller que decide sair da situación de violencia séntese pouco amparada polo sistema" vénose "inmersa nunha peregrinación por diferentes instancias públicas nas que debe repetir e revivir a súa situación". Unha opinión que partillan tamén desde os colectivos sociais como Si Hai Saída en Lugo. Marta Rodríguez asegura, neste senso, que "as usuarias" da asociación reclaman "máis humanidade" e "menos burocracia" para impedir que o acceso ás axudas non se torne nun "segundo calvario".

Rodríguez traballa man a man na cidade amurallada con mulleres en situación de violencia. "En Lugo temos sorte polo que compete á comisaría", sinala, "o problema é cando as derivan á Casa da Muller", un servizo municipal. "O trato ali é moi semellante á infamia", sublinha ao tempo que relata algúns dos comentarios que teñen escoitado apóos presentaren a denuncia. "Téñenllles dito 'pois non ter casado con el' ou mesmo 'áinda por riba tiveches fillos'". "Chegan alí anuladas psicoloxicamente e humillanlas máis", critica Marta Rodríguez desde Si Hai Saída.

A atención psicolóxica é un dos chanzos fundamentais para as mulleres en situación de violencia machista e constitúe un servizo suministrado pola Xunta de Galiza conxuntamente co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza apóos a sinalatura do primeiro convenio de colaboración en 2004. "A atención é inmediata", explica Fátima López, coordinadora do Programa de atención a mulleres que sufren violencia de xénero. "Despois de contactaren con nós en 24-48 horas axéndase a primeira cita" cunha persoa profesional das 124 especializadas que traballan no programa. A partir dese momento contan con "10 sesións gratuitas ampliábeis a 20" e no caso das crianzas, "cinco sesións até un máximo de quince".

É suficiente? Preguntámónos. "Sería preferible que non houber límite" e que "cada muller dispuxese das sesións que precisase", mais non acontece así polo que "algúnsas chegan a adquirir capacidade de xestión" nese período de tempo mais outras non.

En comparecencia parlamentar, a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, María Rosa Álvarez, tildou de "parche" os programas implementados pola Vicepresidencia da Xunta, e insistiu en sinalar que a asistencia psicolóxica debería ser ofrecida en atención primaria e non, como acontece agora, ter que ser solicitada polas propias mulleres, pola policía, as avogadas ou mesmo as traballadoras sociais.

A falta de protocolos e de coordinación provoca que "as mulleres se sintan perdidas despois de pór a denuncia", explica Fátima López, que reclama -xunto co propio Colexio- "una figura ou ente de coordinación que faca

lito o proceso e acompañe" as mulleres. "Hai moita información mais non están realmente informadas" e, en non poucas ocasións, reconece, "comunicaselles nun momento no que emocionalmente están moi tocadas e é difícil ter unha comprensión cognitiva" do que están a escutar.

BURECRACIA

Da mesma opinión é Marta Rodríguez, quen considera "inconcebible" que "desde os servizos sociais non se coordinen" os procesos burocráticos para solicitar as axudas. "Ninguén ten en conta a situación psicolóxica destas mulleres".

A propia secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, reconeceu no Parlamento con motivo da presentación do Informe anual de seguimento da Lei de tratamento integral da violencia machista, que a coordinación entre os distintos axentes é unha tarea pendente que carrexa, para além do más, importantes consecuencias ás propias mulleres.

"Solicitan unha cita cun traballador social sobreagradado e tardan meses en dárlela. Candoo conseguén pidíriles moita documentación, desde acreditar unha situación económica insuficiente até a súa realidade familiar. Mesmo lles fan ir a un supermercado para que determine canto gastan en víveres", narra Rodríguez. "Isto é indignante", denuncia en relación aos procedementos de tramitación dunha Renda de inserción social ou o salario da liberdade -medida esta última que só pode solicitarse entre os meses de maio e novembro. "Moitas mulleres retráense de denunciar e volven co agresor" perante estes obstáculos e unha realidade económica que as imposibilita para facer fronte aos gastos "Non hai dereito", sentencia.

Porén, os agravios están tamén no tratamento que reciben d@s profesionais. "Os datos indican que a formación é insuficiente tanto na policía coma na xudicatura ou o persoal sanitario. 'Non todo o mundo vale, precisa sensibilidade'", din desde Si Hai Saída e "formación que non sexa voluntaria", acrecentan desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza. ☐

"Non se está facendo valer o carácter integral da actual normativa a muller vese inmersa nunha peregrinación entre institucións"

"Hai mulleres ás que lles teñen dito 'pois non ter casado con el'"

DENUNCIAS FALSAS E MULLERAS MALTRATADORAS. U-LAS?



5:30 p.m. 01 Abr 15

179 RETWEETS 90 FAVORITES

Nos últimos días proliferan as voces que se erguen para 'denunciar' o uso interesoado que as mulleres, supostamente, estarian a facer da lexislación contra a violencia machista para aproveitárense dos seus beneficios en procesos de separación e/ou divorcios. Un feito que saltou de novo á palestra apóos a investigación iniciada contra o ex-ministro do PSOE, Juan López Aguilar. Ao tempo, diversas informacions salientan as supostas agresións cometidas por mulleres contra as súas parellas (homes). Que hai de certo nestas afirmacións? "Férvenme o sangue con iso", afirma Marta Rodríguez de Si Hai Saída en relación co 0,018% de denuncias falsas de violencia machista rexistradas no conxunto do Estado español polo Consello Xeral do Poder Xudicial através das cifras achegadas polas Audiencias provinciais e os Tribunais Superiores. "É unha falta de respeito e de dignidade", acrecenta. Aliás, sublinha o "moito" que lles custa ás mulleres en situación de violencia "asumir e recoñecer" esa situación tamén á hora de presentar unha denuncia. Trátase dun discurso "falaz" que, mesturado cos supostos casos de violencia exercidos por mulleres, caen na "demagogia". Segundo o mesmo órgano (o CXPX) no 2014 foron procesadas 209 mulleres por violencia no seo das relacións de parella (dúas delas na Galiza). Delas, 111 foron condenadas e 98 absoltas, entre ellás as galegas. Non se rexistraron homicidios. Frente á esta realidade, a nivel estatal foron procesados 18.884 varóns por delitos de violencia machista, 14.202 condenados e 4.682 absoltos. Aliás, rexistráronse 54 asasinatos (segundo as cifras do Ministerio de Sanidade), os mesmos que o ano anterior e dous máis que no 2012.